



---

# O VOLUNTARIADO EN FEGADACE

---

Guía para a xestión e coordinación dos programas e accións de voluntariado nas asociacións galegas de dano cerebral

**FEGADACE**  
FEDERACIÓN  
GALEGA DE  
DANO CEREBRAL



## ÍNDICE

---

1.	INTRODUCCIÓN.....	2
2.	QUE É FEGADACE? .....	2
3.	QUE É O DANO CEREBRAL ADQUIRIDO? .....	4
4.	O VOLUNTARIADO: MARCO LEGAL. DEREITOS E DEBERES .....	4
4.1.	Concepto e lexislación.....	4
4.2.	Dereitos e deberes das persoas voluntarias.....	5
5.	O VOLUNTARIADO NAS ENTIDADES DE ATENCIÓN AO DCA.....	6
5.1	Obxectivos e principios da acción voluntaria na federación e asociacións de DCA galegas .....	6
5.2	Perfil da coordinación do voluntariado.....	8
5.3	Itinerario da persoa voluntaria .....	8
5.1.	Áreas de desenvolvemento do plan de voluntariado.....	10
6.	AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO .....	13
7.	RETOS .....	13
8.	BIBLIOGRAFÍA E WEBLIOGRAFÍA .....	14
9.	ANEXOS .....	15

## 1. INTRODUCCIÓN

---

Esta guía ten como fin principal establecer liñas de traballo comúns dende FEGADACE, no ámbito do voluntariado, que fortalezan e complementen os programas de voluntariado en cada unha das cinco entidades membro.

Está dirixida ás persoas xestoras da federación e as asociacións, ás responsables das áreas de voluntariado en cada unha delas e pretende ser unha ferramenta que ofrezca pautas de xestión para as persoas responsables de dita área, de modo que contribúa ás entidades a buscar a participación e implicación dun colectivo importante nas entidades sociais de DCA de Galicia como son as persoas voluntarias.

Pretende ser de gran utilidade especialmente para as entidades federadas que aínda non teñan consolidado un programa ou servizo de voluntariado, como instrumento facilitador do proceso de implantación, pero para as que xa teñen este servizo fortalecido, sempre que persigue estandarizar os procedementos nas distintas fases polas que pasan as persoas voluntarias

A importancia desta guía radica no acercamento que mostra as distintas fases polas que pasa unha persoa voluntaria nas entidades, desde que aterra nas mesmas, ata o momento da súa saída, ofrecendo unha serie de pautas e recomendacións sinxelas que favorezan a súa posta en marcha e adopción en calquera entidade pertencente a FEGADACE e así propia.

Os obxectivos principais da guía son os seguintes:

- Definir a función do voluntariado e destacar a valiosa labor que realizan ou poden realizar nas entidades de Dano Cerebral Adquirido de Galicia, e reforzar a figura da persoa voluntaria como parte esencial na labor das asociacións
- Ofrecer pautas e información estruturada e homoxénea que axude a guiar de maneira estandarizada os programas e accións de voluntariado das asociacións de DCA de Galicia.

Estruturase en torno a dous eixos: o primeiro centrado nunha base teórica e de marco legislativo sobre o voluntariado e o dano cerebral; e un segundo, mais concreto, que profundiza sobre a figura da responsable de voluntariado e as súas funcións como tamén no itinerario da persoa voluntaria dentro da FEGADACE e as súas entidades membro.

## 2. QUE É FEGADACE?

---

A Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) constitúese en maio de 2007 polas cinco asociacións galegas de dano cerebral adquirido (ADACECO na Coruña, ADACE en Lugo, ALENTO en Vigo, RENACER en Ourense e SARELA en Santiago). É unha organización non gobernamental, privada, independente,

apartidista e aconfesional comprometida coa defensa dos dereitos das persoas con dano cerebral adquirido. FEGADACE está declarada Asociación de Utilidade Pública desde decembro de 2013.

FEGADACE persegue a defensa dos intereses e a mellora da calidade de vida dos galegos e galegas con dano cerebral adquirido e dos seus familiares. Pretende sensibilizar á sociedade en xeral con respecto á dimensión desta discapacidade, implicar ás institucións e cantas iniciativas se dirixan a resolver os restos da rehabilitación, inclusión e normalización social do colectivo.

Desenvolve o seu labor dentro dos seguintes ámbitos de actuación:

- Apoio e asistencia ás entidades federadas e familias de persoas con dano cerebral adquirido.
- Información, sensibilización, divulgación e investigación sobre o DCA.
- Intervención e desenvolvemento de programas e proxectos dirixidos ás entidades federadas e ás persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias.
- Captación de fondos.
- Representatividade e incidencia política.

## **MISIÓN**

A Federación Galega de Dano Cerebral é unha entidade promovida polas entidades de dano cerebral adquirido máis representativas de Galicia, que busca mellorar a calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido e das súas familias nesta comunidade autónoma, así como defender os seus dereitos e ofrecerlles a oportunidade de desenvolvelos.

## **VISIÓN**

FEGADACE quere consolidarse como unha organización representativa e referente do dano cerebral adquirido en Galicia. Un movemento que une a todas as persoas con DCA, ás súas familias e a todas as asociacións federadas, traballando nun modelo de atención sociosanitaria común, cun goberno corporativo, un equipo técnico e unha base social comprometida, que xestiona os recursos de forma profesional e racional, articulando as demandas de colectivo.

## **VALORES**

A entidade apoiará, promoverá, representará e coordinará a todas as entidades de dano cerebral adquirido que estean federadas, sendo coherente cos valores que defende e que definen a súa forma de traballar:



### 3. QUE É O DANO CEREBRAL ADQUIRIDO?

---

O dano cerebral adquirido (DCA) é unha lesión que se produce nas estruturas cerebrais de forma súbita en persoas que naceron sen dano ningún no cerebro. Esta lesión pode estar causada por unha enfermidade (ictus, tumor cerebral, anoxia, doenza metabólica, infección cerebral...) ou por un traumatismo cranioencefálico (motivado por un accidente de coche, laboral, un golpe, unha caída...).

O DCA afecta a unhas 35.000 persoas en Galicia, e calcúlase que se producen arredor de 7.000 novos casos cada ano. As secuelas do dano cerebral adquirido son diferentes e heteroxéneas, e xeran distintos tipos e niveis de discapacidade segundo a persoa e a lesión. Co dano cerebral perde sentido falar de discapacidade física, psíquica ou sensorial: son moitas ao mesmo tempo, e preséntanse en diferentes proporcións e intensidades segundo a persoa.

### 4. O VOLUNTARIADO: MARCO LEGAL. DEREITOS E DEBERES

---

#### 4.1. Concepto e lexislación

---

A efectos da lei 10/2011, do 28 de novembro de acción voluntaria (DOG núm. 242; páx. 37453), "enténdese por acción voluntaria a realizada por persoas físicas como resultado da súa participación social organizada no desenvolvemento de actividades de interese xeral a través de entidades de acción voluntaria, sempre que reúnan as seguintes condicións:

- (a) Que se trate dunha decisión libremente adoptada e non traia causa dunha obriga ou dun deber xurídico.
- (b) Que se execute fóra do ámbito laboral, profesional, funcional ou mercantil ou de calquera outro tipo de relación retribuída.
- (c) Que se leve a efecto en función de programas concretos, xa sexan promovidas por calquera das entidades de acción voluntaria ou polas administracións públicas de Galicia.

Esta definición implica que exercer o voluntariado é un xeito de participación da nosa sociedade realizado con total liberdade e gratuidade, cun propósito útil para á comunidade; a mellora da calidade de vida daquelas persoas que por distintas causas, a viron minguada.

#### **4.2. Dereitos e deberes das persoas voluntarias**

---

Seguindo coa lei galega vixente en materia de voluntariado, esta tamén reflicte cales serán os dereitos e deberes das persoas voluntarias, funcionando, deste xeito, como unha ferramenta que serve para establecer os puntos confluentes e os límites da relación entidade-voluntariado:

##### **AS PERSOAS VOLUNTARIAS TEÑEN DEREITO A:**

Seren tratadas sen ningún tipo de discriminación con respecto da súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas

Seren informadas e formadas, particularmente en materia de prevención de riscos, e a desenvolveren a actividade voluntaria nas condicións de seguranza, hixiene e saúde que a súa natureza e características reclamen

Dispoñeren dunha acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria.

Recibiren das entidades de acción voluntaria que desenvolvan a acción voluntaria na que se integren a información, a formación, o asesoramento e o apoio técnico, así como os medios materiais que requira o exercicio das actividades e das tarefas que se lles asignen.

Participaren activamente na entidade de acción voluntaria na que se integren, consonte os seus estatutos, colaborando na planificación, o deseño, a execución e a avaliación dos programas nos que participen.

Acordaren libremente coa entidade de acción voluntaria na que se integren o contido e as condicións da súa actividade voluntaria, o ámbito de actuación, a definición das tarefas, o tempo e o horario de dedicación, o lugar de desenvolvemento e as responsabilidades que van asumir, podendo variar as súas características de o permitiren as circunstancias da entidade.

Estaren aseguradas mediante póliza que cubra os riscos de accidente da propia persoa voluntaria, así como por danos e perdas causados a terceiros, derivados directamente da súa acción voluntaria.

Seren reembolsadas ou compensadas polos gastos realizados no desenvolvemento das súas accións voluntarias nos termos previamente acordados coa entidade na que se integren.

Recibiren certificación da súa participación nos programas e proxectos de acción voluntaria, na que se expresen, polo menos, a súa natureza e as datas nas que se realicen, e a que o devandito certificado se remita ao Rexistro de Acción Voluntaria para os efectos de poderen acreditar o seu historial de experiencias na acción voluntaria.

Obteren o cambio de programa asignado cando existan causas que o xustifiquen, dentro das posibilidades da entidade.

Renunciaren libremente, logo de aviso, á súa condición de persoa voluntaria.

Calquera outro dereito recoñecido no resto do ordenamento xurídico.

## AS PERSOAS VOLUNTARIAS ESTÁN OBRIGADAS A:

Realizaren a súa actividade consonte os principios establecidos na lei.

Observaren as medidas de saúde e seguraza que se adoptasen.

Gardaren a debida confidencialidade sobre a información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade voluntaria.

Actuaren de forma dilixente, coordinada, responsable e solidaria no desenvolvemento da actividade voluntaria, realizando a súa actividade voluntaria consonte as normas e os principios establecidos na normativa reguladora, e colaborando coa entidade na que participe e co resto de persoas voluntarias na consecución da maior eficacia e calidade nos programas e nos obxectivos que se leven a cabo

Participaren nas actividades formativas que se entendan necesarias para un desenvolvemento adecuado da acción voluntaria.

Respectaren os dereitos das persoas destinatarias da súa acción voluntaria e das demais persoas voluntarias coas que colaboren.

Cumpriren os compromisos adquiridos coa entidade na que se integren, respectando os fins, os obxectivos e a normativa interna.

Rexeitaren calquera contraprestación que poidan recibir pola súa actividade.

Utilizaren debidamente a acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria e os distintivos da entidade na que se integren, así como procederán á súa devolución cando finalicen a actividade.

Coidaren e faceren bo uso dos recursos materiais que poña á súa disposición a entidade.

Notificárenlle á entidade a renuncia coa antelación previamente acordada, a prol de que poidan adoptarse as medidas necesarias para evitar prexuízos para a actividade na que participen.

Os demais deberes establecidos polo resto do ordenamento xurídico

Deste xeito, establecendo formalmente os ámbitos de actuación e límites do voluntariado, é como se logra a regulación da súa actividade. Así, o que se pretende é garantir os dereitos e deberes das organizacións e das persoas voluntarias, solucionando os posibles conflitos que poidan xurdir e distinguindo o traballo voluntario do remunerado.

## 5. O VOLUNTARIADO NAS ENTIDADES DE ATENCIÓN AO DCA

O voluntariado supón un apoio de gran valor para a labor xeral de FEGADACE e, notablemente para as entidades que a conforman, que implica a dedicación dun tempo de ocio ao desenvolvemento dos programas e proxectos deseñados para o noso propósito; a mellora da calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias.

### 5.1 Obxectivos e principios da acción voluntaria na federación e asociacións de DCA galegas

Para lograr unha participación efectiva da cidadanía, mediante o voluntariado, nas entidades de atención ao dano cerebral establécense os seguintes obxectivos:

**Obxectivo xeral:** Mellora da calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias, mediante o apoio de persoas voluntarias na prestación de atención socio-sanitaria.

**Obxectivos específicos:**

- Fomento da participación social no ámbito das persoas con discapacidade por DCA
- Sensibilización da sociedade no que respecta á realidade do DCA.
- Apoio ás e aos profesionais das distintas entidades na atención ás persoas con DCA.
- Acompañamento nas actividades realizadas polas persoas con DCA e as súas familias.
- Mellora das habilidades interpersoais das persoas usuarias a través do contacto co voluntariado.
- Promover a participación de profesionais que poidan aportar a súa visión e enriquecer a intervención en consonancia cos obxectivos do movemento asociativo de DCA galego

O labor voluntario non consiste unicamente no apoio ás entidades sociais; supón ser un axente de cambio en todos os procesos vividos polas persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias dentro das entidades de atención ao DCA; rehabilitación, inclusión social, apoio ás familias, inclusión laboral... Ademais da intervención na sociedade naqueles procesos de sensibilización e divulgación sobre a realidade do dano cerebral adquirido.

Para acadar un efectivo benestar da persoa con dano cerebral en todas as áreas citadas, é imprescindible que a persoa voluntaria estea comprometida co seu labor, así como co ámbito da discapacidade, de maneira que os seus obxectivos como persoa voluntaria estean aliñados cos da entidade. Esta mirada conxunta cara os intereses das persoas con dano cerebral adquirido lograrase, entre outras accións, a través dos principios que rexerán a acción voluntaria:

- ✓ **Respecto** das persoas con dano cerebral adquirido, procurando sempre o seu benestar e autonomía persoal.
  - ✓ **Intimidade das persoas usuarias**, con e para as que traballan, sen difundir nin trasladar a terceiros ningunha información que puidese vulnerar o seu dereito á privacidade.
  - ✓ **Empatía** cara ás persoas con dano cerebral e as súas familias, nas distintas etapas do proceso que experimenten dentro das entidades.
  - ✓ **Igualdade**, sen haber cabida para ningún trato diferente por cuestión de xénero, tanto de cara os/as profesionais das entidades, como entre os/as voluntarios/as, como coas persoas usuarias.
- Traballo en equipo**, entendendo todos os compoñentes do movemento asociativo do dano cerebral adquirido, entre os cales se inclúe o voluntariado, como axentes que traballan de maneira conxunta e coordinada na mesma dirección.




## 5.2 Perfil da coordinación do voluntariado

A coordinación das accións/ programas de voluntariado será asignada ás profesionais de cada entidade segundo o perfil competencial, dispoñibilidade de recursos e formación específica das persoas traballadoras. Na federación esta responsabilidade será asumida pola profesional de traballo social que, en permanente comunicación e relación coas súas homólogas (responsables de voluntariado) nas entidades federadas, executará as accións específicas que se recollen no seguinte apartado. Algunhas das funcións específicas das persoas responsables de voluntariado nas entidades son: (i) coordinar e poñer en marcha o plan de voluntariado nas súas respectivas entidades no marco global deste plan conxunto, (ii) organizar ás persoas voluntarias nos distintos programas e actuacións en execución, (iii) organizar (co) xornadas de sensibilización e cursos acerca do voluntariado e do movemento asociativo de dano cerebral en Galicia, (iv) captar, acoller, formar, acompañar e supervisar a acción voluntaria, (v) dirixir a elaboración, execución e avaliación dos programas nos que participa o voluntariado e (vi) promover iniciativas e motivar aos grupos de persoas voluntarias reforzando o compromiso coa iniciativa.

## 5.3 Itinerario da persoa voluntaria

Respectando a idiosincrasia e particularidades de organización e xestión de cada entidade, en termos globais, o proceso de participación das persoas voluntarias nos diferentes programas levados a cabo nas entidades de DCA de Galicia adaptarase ao seguinte itinerario, que consta de seis fases:



### 1. Captación

Nesta fase búscase a maneira de chegar á sociedade e transmitir a misión das entidades para impulsar o desexo de tomar parte nese labor. Nas entidades de atención ao dano cerebral adquirido isto promóvese a través de distintas vías. En primeiro lugar, unha vía importante de captación é a utilización das redes sociais e páxinas web das entidades como medio para dar a coñecer as actividades que son levadas a cabo

e a posibilidade de apoiar, acompañar e formar parte delas como persoa voluntaria. Por outra banda, o emprego de páxinas web de voluntariado nas que se pode solicitar a participación e colaboración de persoas voluntarias nos programas levados a cabo na entidade. Por último, outra das accións a desenvolver é a sensibilización de grupos para os que poida resultar de interese o labor voluntario, como o son as persoas que manteñen unha relación principalmente académica co ámbito social.

É dentro desta primeira fase de captación, que FEGADACE centrará os seus esforzos de apoio ás entidades membro, realizando unha busca xestión de potenciais persoas voluntarias a través dunha bolsa de voluntariado, que facilite o proceso de captación e selección de persoas voluntarias nas entidades membro da federación.

## **2. Acollida**

É o primeiro contacto da persoa voluntaria coa entidade que servirá principalmente para coñecela. A través dunha primeira entrevista recóllense aqueles aspectos máis relevantes para as posibles accións a levar a cabo polo voluntariado a fin de determinar aquela actividade para a que a persoa poderá aportar un valor engadido. Ademais disto, tamén serve para confirmar o verdadeiro interese de contribuír aos obxectivos da entidade e que actuará de acordo cos principios que rexen a acción voluntaria. Esta fase será feita idealmente polas responsables de voluntariado das asociacións, logo de ser remitidas dende FEGADACE. Só se realizará pola federación, no caso de que as entidades así o soliciten.

## **3. Formación**

Unha vez é realizada esa primeira entrevista e determinado que a persoa se vai incorporar á entidade, é necesario formalala naqueles aspectos que así o requiran podendo clasificar a formación recibida do seguinte xeito:

- **A Discapacidade e o Dano Cerebral Adquirido:** Transmisión dos coñecementos necesarios para a intervención con persoas con discapacidade e máis concretamente con persoas con dano cerebral adquirido ao estar caracterizado pola súa ampla variedade de secuelas. A formación nestes ámbitos deberá constar, á parte de contidos sobre as posibles afectacións das persoas usuarias, dunhas pautas ou consideracións a ter en conta á hora de interactuar e participar nas actividades coas persoas con dano cerebral.
- **A entidade:** A persoa voluntaria será formada sobre o propio funcionamento da entidade así como o funcionamento xeral do Terceiro Sector. Isto servirá para que a persoa comprenda por completo o labor que está a realizar e a súa razón de ser, o que influirá tamén na súa motivación dentro da entidade e no seu sentimento de pertenza a esta aínda que non integre o equipo de profesionais. Neste momento a persoa tamén é informada do punto no que se atopa cada persoa usuaria para así favorecer unha intervención adecuada á súa situación.

- **O voluntariado:** Neste punto da formación, a persoa coñecerá en maior profundidade o voluntariado tanto en termos xenéricos (concepto, lexislación, dereitos e deberes) coma no que se refire ao voluntariado dentro da entidade (funcionamento, actividades, principios que o rexen).

O documento de referencia para esta capacitación das persoas voluntarias será o Manual de Formación de Voluntariado de Daño Cerebral Adquirido da FEDACE, ademais dos instrumentos e metodoloxías que cada entidade incorpore segundo a súa especificidade

#### **4. Incorporación**

Cando toda esta información xa foi trasladada á persoa voluntaria, esta comezará a súa actividade dentro da entidade. Para isto, a persoa responsable do programa de voluntariado e a persoa voluntaria acordarán en que área e condicións (tempo de dedicación, persoas asignadas, etc.) participará e firmarse o documento de compromiso onde se reflectirán aqueles puntos principais da participación da persoa voluntaria na entidade.

#### **5. Seguimento e avaliación**

A supervisión do voluntariado levarase a cabo de xeito continuado durante todo o tempo que a persoa voluntaria colabore coa entidade e, cada mes, a persoa responsable do programa de voluntariado terá unha entrevista coas persoas voluntarias e as persoas responsables do programa no que participan a fin de facer unha posta en común daquelas cuestións que se deberían modificar.

#### **6. Desvinculación**

Cando unha persoa voluntaria queira ou teña que cesar a súa labor, este proceso levarase a cabo dun xeito progresivo para que a súa ausencia non poida repercutir de xeito negativo no proxecto ou programa no que estaba sendo partícipe.

##### **5.1. Áreas de desenvolvemento do plan de voluntariado**

Nas entidades que conforman FEGADACE existen diferentes servizos en funcionamento nos que a persoa voluntaria poderá participar e colaborar en función do seu perfil e preferencias:

##### **A. Servizo de atención diúrna e Servizo de atención ambulatoria:**

Estes servizos fomentan a mellora e/ou o mantemento das capacidades da persoa con DCA e a súa autonomía persoal a nivel funcional e psicosocial a través das seguintes actuacións:

- Rehabilitación integral:
  - Traballos de atención psicomotriz, adestramento nas actividades da vida diaria (básicas e funcionais), actividade acuática, fitness, pilates, baile, e outros deportes.

- Avaliación e rehabilitación da disfasia, disfonía, disartria, afasia, e os trastornos pragmáticos da comunicación; apoio a través de sistemas aumentativos e alternativos de comunicación e de técnicas para unha degolación segura.
  - Estimulación cognitiva e sensorial, memoria, manexo de alteracións emocionais e conductuais, mellora da autoestima e independencia, terapia canina.
  - Recepción das familias e persoas con DCA, asesoramento e tramitación de recursos sociais e prestacións económicas, coordinación con outros dispositivos e acompañamento á familia durante todo o proceso.
- Ocio e inclusión social. Saídas culturais e de lecer, excursións, encontros con familias, festas...
  - Obradoiros e actividades grupais. Teatro, *boccia*, informática, socialización, debate, xestos, traballos manuais, expresión, carpintería, funcionalidade, horta, cociña, coiro, pintura, xoiería, xabón, xoguetes, barro, téxtil, memoria, ximnasia de mantemento...
  - Atención a familias. Apoio individualizado, terapia de grupo, encontros para familiares, grupos de apoio informal, formación.
  - Respiro familiar. Redución da sobrecarga das persoas cuidadoras a través de saídas temporais de curta ou longa duración coas persoas con DCA.

Aínda que as actividades poidan ser comúns entre os servizos e asociacións, diferéncianse principalmente no perfil das persoas beneficiarias de cada un dos servizos:

O servizo de atención diúrna proporciona atención integral e especializada ás persoas con dano cerebral adquirido en fase crónica e é un recurso específico para persoas con dano cerebral adquirido no que se traballa de xeito integral coa persoa usuaria e coa súa familia respondendo a todo tipo de necesidades co obxectivo de fortalecer a súa calidade de vida. Mentres, o servizo de atención ambulatoria céntrase na rehabilitación funcional multidisciplinar e na autonomía persoal nas fases subaguda e crónica.

#### **B. Servizo de atención diúrna ocupacional:**

Dirixido a promover a participación social activa das persoas con DCA a través da inserción socio laboral, a autonomía persoal e as habilidades sociais. Este servizo ten a normalización socio laboral como obxectivo principal a través dun plan de atención individualizado con tres principais liñas de actuación:

- **Inserción socio laboral:**
  - Orientación e formación para a busca de emprego traballando a alfabetización dixital, a elaboración de currículos, a preparación de entrevistas, o coñecemento das ferramentas de busca de emprego, etc.
  - Intermediación e información en empresas e outras entidades na busca de perfís de inserción e demandas de emprego.

- Orientación e formación nos estudos, coordinándose cos/as orientadores/as dos centros educativos.
- **Axuste persoal:**
  - Fomento da autonomía persoal para a realización de actividades cotiás e de lecer no seu contorno social.
  - Realización de actividades de voluntariado no seu contorno máis próximo.
- **Habilidades sociais e estratexias para afrontar situacións:**
  - Adestramento en habilidades sociais co obxectivo de que as persoas coñezan os seus puntos fortes e febles na relación cos e coas demais e que desenvolvan un repertorio de condutas de utilidade para os diferentes ámbitos da súa vida, incidindo especialmente no ámbito laboral.

### **C. Información, orientación e asesoramento:**

Esta área está dedicada ás familias e contorna da persoa con dano cerebral adquirido con actuacións como a atención individualizada a familias, as terapias de grupo, charlas de sensibilización, campañas de prevención, puntos de información...

Este servizo inclúe diferentes tipos de actividades. Por unha banda, está a atención, tanto individualizada como grupal, a familias. Infórmase ás familias -ás recentemente chegadas e tamén ás veteranas- sobre trámites, recursos, como intervir coa persoa con dano cerebral...

Por outra banda, están as charlas, xornadas públicas, mesas informativas e demais mecanismos de intervención no espazo público para a sensibilización sobre a realidade do dano cerebral adquirido e prevención das súas causas.

### **D. Administración e servizos auxiliares:**

Como en todas as entidades e organizacións, tanto FEGADACE como as asociacións membro contan con os correspondentes departamentos de administración e servizos auxiliares, responsables polas funcións de mantemento, funcionamento e accións estruturais para o correcto funcionamento global da entidade. As persoas voluntarias poderían apoiar nestes servizos cando os seus coñecementos e experiencias previas o permitan, e na medida en que os órganos directivos das asociacións o consideren.

## 6. AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO

---

Partindo da base de que cada entidade das cinco que conforman FEGADACE conta cos seus propios programas e/ou modelos de xestión do voluntariado e que, por tanto determinan específica e individualmente os métodos para avaliacións dos programas, propóñense unha serie de indicadores medibles e instrumentos básicos para a avaliación das accións:

De maneira cuantitativa, poderá medirse o impacto dos programas, entre outros, a través dos seguintes indicadores:

- Nº persoas voluntarias/ entidades que colaboran anualmente. Rexistro de altas e baixas
- Nº persoas voluntarias que solicitan información sobre voluntariado nas entidades membro de FEGADACE.
- Tempo de permanencia das persoas voluntarias nas entidades (en horas x mes)
- Nº accións de sensibilización organizadas pola federación para captación de voluntariado nas entidades

A nivel cualitativo, preguntárase a cerca de cuestións relacionadas coa satisfacción e calidade das persoas voluntarias con respecto tanto ás entidades nas que desenvolven as accións de voluntariado, como ás propias accións. Farase utilizando algúns dos seguintes instrumentos:

- Enquisas de calidade, onde se mida o grao de satisfacción das persoas voluntarias e das entidades con respecto ás actividades levadas a cabo
- Enquisas de satisfacción para as persoas beneficiarias (persoas con DCA e as súas familias) que participen en accións nas que as voluntarias desenvolvan a súa acción
- Reunións periódicas (a establecer por cada entidade) onde se avalíe o grao de consecución dos obxectivos marcados e das necesidades cubertas
- Fichas de seguimento e avaliación das persoas voluntarias

## 7. RETOS

---

As reflexións conxuntas do movemento asociativo de dano cerebral en Galicia sobre o voluntariado no sector, conclúen unha necesidade de xuntar os esforzos para xestionar e entender o servizo de voluntariado en base a uns criterios compartidos por todas as asociacións.

Un dos grandes retos que ten o movemento do dano cerebral galego é precisamente sensibilizar á sociedade xeral da importancia que ten o voluntariado na práctica diaria das asociacións e na vida das propias persoas con dano cerebral e as súas familias, as cales son, a nosa razón de ser.

Dito recoñecemento á figura do voluntariado debe ser realizado por todos os niveles da entidades, desde o propio programa de voluntariado ata os órganos de dirección das mesmas, resaltando as accións realizadas, e dedicándolle tempo e esforzos na súa busca e coidado.

## 8. BIBLIOGRAFÍA E WEBLIOGRAFÍA

---

### BIBLIOGRAFÍA

EUROPEAN ANTI-POVERTY NETWORK (2009). *Guía metodológica de la participación social de las personas en situación de pobreza y exclusión social*. Madrid: EAPN. Disponible en <http://www.eapn.es/index.php/publicaciones/propias-de-eapn/215-guiaparticipacion>

MINISTERIO DE SANIDAD Y POLÍTICA SOCIAL (2009). *Normativa española sobre voluntariado*. Madrid. Textos Legales MSPS. Disponible en: <https://voluntariado.cartagena.es/gestion/documentos/1443.pdf>

FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DAÑO CEREBRAL. *Manual de formación para voluntariado de Daño Cerebral Adquirido*. Madrid: FEDACE. Disponible en <http://www.fedace.es>

LÓPEZ SALAS. E, (2009). *Claves para la gestión del voluntariado en entidades no lucrativas: Cuadernos 6*. Madrid. Fundación Luis Vives. Disponible en: <http://www.fundacioncruzblanca.org/documentacion-voluntariado/archivo-5427.pdf>

VIDAL, P. ET AL. (2006). *Manual de gestión del voluntariado*. Barcelona. Obra Social Fundación La Caixa. Disponible en: [http://www.publicacionestecnicas.com/lacaixa/voluntariat/manual\\_gestion\\_voluntariado/files/publicaciones/manual\\_de\\_gestion\\_voluntariado/es/manual\\_gestion\\_voluntariado.pdf](http://www.publicacionestecnicas.com/lacaixa/voluntariat/manual_gestion_voluntariado/files/publicaciones/manual_de_gestion_voluntariado/es/manual_gestion_voluntariado.pdf)

VIDAL, P. ET AL. (2007). *Buenas prácticas en la gestión del voluntariado*. Barcelona. Obra Social Fundación La Caixa. Disponible en: [http://www.publicacionestecnicas.com/lacaixa/voluntariat/buenas\\_practicas/files/publicaciones/buenas\\_practicas/es/buenas\\_practicas.pdf](http://www.publicacionestecnicas.com/lacaixa/voluntariat/buenas_practicas/files/publicaciones/buenas_practicas/es/buenas_practicas.pdf)

### WEBLIOGRAFÍA

Voluntariado Galego.- [www.voluntariadogalego.org](http://www.voluntariadogalego.org)

Plataforma del voluntariado de España.- [www.plataformavoluntariado.org](http://www.plataformavoluntariado.org)

Fundación, Gestión y Participación social.- [www.asociaciones.org](http://www.asociaciones.org)

Ley del Voluntariado.- [www.voluntariado.net/castellano/leyes.htm](http://www.voluntariado.net/castellano/leyes.htm)

Iniciativa Social.- [www.iniciativasocial.net/motivacion.htm](http://www.iniciativasocial.net/motivacion.htm)

Haces Falta.- [www.hacesfalta.org](http://www.hacesfalta.org)

## 9. ANEXOS

---

[Anexo 1.- Manual de formación para Voluntariado de Dano Cerebral Adquirido \(FEDACE\)](#)

[Anexo 2.- Decálogo de Voluntariado de FEGADACE](#)

Anexo 3.- Cuestionarios de Recollida de Información para Persoas voluntarias

Anexo 4.- Modelos de contratos para persoas voluntarias

Outros anexos

- Plans de acollida para persoas voluntarias
- Cuestionarios de seguimento da participación da persoa voluntaria
- Cuestionarios de satisfacción e avaliación dos programas
- Rexistros de voluntariado de cada entidade